

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE XUÑO DE 2020

2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19". Adóptanse as seguintes medidas:

- **Validación** dos seguintes **contratos** adxudicados pola Alcaldía mediante tramitación de emerxencia:
 - “Servizo de limpeza e desinfección dos parques infantís e biosaudables xestionados polo Departamento de Parques e Xardíns”, adxudicado a FERROVIAL SERVICIOS, SA por un prezo de 31.483,07 euros, IVE incluído.

- **Reactivación do servizo de transporte urbano.** Acórdase que **a partir do vindeiro mércores, 1 de xullo, o servizo de transporte urbano da cidade** recupere a súa normalidade no número de servizos establecidos para a época de verán. Asemade, seguirase coas seguintes medidas hixiénico sanitarias:
 - O condutor deberá estar illado da pasaxe por un anteparo illante
 - As persoas usuarias deberán gardar as medidas de distanciamento fixadas
 - Colocación de cartelería lembrando a obrigatoriedade da utilización de máscaras
 - Recomendación ás persoas usuarias do pago a través das distintas tarxetas de transporte e no caso dos billetes sinxelos ou recargas, levar o importe exacto.
 - Dispensadores de xel hidroalcohólico
 - Incremento da limpeza e desinfección dos vehículos dado o maior número de usuarios

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para a construción de edificio destinado a sede do Consello regulador de carnes de vacún na rúa Obradoiro, 2. LIC/525/2019. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para reposición de cuberta na Avda. Antón Fraguas - Avda. Romero Donallo, 86-88. LIC/1062/2019. Concédese a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para o cambio de uso de 4 oficinas a 4 vivendas no edificio sito en Avda. Barcelona nº 15 - Avda. de Bilbao nº 2 Entrepranta. LIC/551/2020. Concédese a licenza.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para reforma de edificio para a mellora da accesibilidade situado na Avda. de Castelao, 11. LIC/1631/2019. Concédese a licenza.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación da "mellora e acondicionamento do centro sociocultural de A Peregrina. POS + 2019." Apróbase o expediente, así como o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 95.797,12 euros (IVE aparte do 21% que ascende a 20.117,40 euros).

8.- Proposta da concelleiro delegado de Medio Rural relativa á participación no Plan de cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal POS+ADICIONAL 2/2020 da deputación provincial da Coruña, e outros extremos. Acórdase participar no citado plan e solicitar a aplicación da achega provincial asignada que ascende a **344.787,90 euros** destinados a:

- Investimentos incluídos no Plan Complementario ao PSO+2020. Mellora do viario dende a contorna da N550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: tramo da igrexa de San Andrés de Barciela ata cruce de Candelabeira: 260.000 euros.
- Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS + 2020. Ampliación da rede de abastecemento en Piñeiro de Enfesta, Frades e Gunín (Enfesta): 84.787,90 euros.

O Concello comprométese a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade de 2020, se a houbera.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á ampliación do prazo de execución das "obras de rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas" FASE I. Acórdase ampliar o prazo de execución das obras de rehabilitación do edificio Casa das Maquinas, con causa nas circunstancias meteorolóxicas adversas que impediron a execución de traballos en cuberta, polo que a nova data de finalización das obras será o 1 de agosto de 2020.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Barrios e Obras relativa á validación de gastos correspondentes a contratos menores por razón da contía en concepto do estudo xeotécnico pola caída dun muro na Costiña do Monte. Acórdase a validación considerando acreditada a necesidade da súa contratación.

11.- Proposta da concelleira delegada de Educación, Mocidade, Políticas de Igualdade e Políticas Lingüísticas relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación do "servizo de xestión e programación de actividades do Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa SERVIPLUSTOTAL SLU, por dous anos, por un importe de 94.821 euros anuais (IVE aparte do 21% que ascende a 19.912,41 euros). O importe total das dúas anualidades (6 meses en 2020, 12 meses en 2021 e 6 meses en 2022) ascende a 229.466,82 IVE incluído.

12.- Proposta da alcaldía relativa á aceptación da concesión dunha subvención para a contratación temporal de desempregados perceptores da RISGA, correspondente ao exercicio 2020. Acórdase aceptar a subvención da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña por importe de 272.037,06 euros, para a contratación de 20 traballadores por un período de 7 meses (3 técnicos/as administrativos/as, 9 administrativos/as, 7 auxiliares administrativos/as, e 1 telefonista).

13.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do proxecto de expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario co nº 2020-CREXT-06, e suplemento de crédito nº 2020-SUPLE-02, financiado con baixas por anulación. Apróbase o expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario con número 2020-CREXT-06 de importe 80.000 euros, e de suplemento de

crédito co número 2020-SUPLE-02 de importe 102.019,18 euros, financiado con baixas por anulación.

- Número 2020-CREXT-06 de importe 80.000 euros. Baixas por anulación do crédito que financiaban inicialmente no ano 2016 as obras de remodelación do pavillón do CEIP Apóstolo Santiago, e no ano 2014 as obras do campo de herba sintética nas instalación deportivas de Conxo. **Agora destinaranse ao acondicionamento da praza de acceso ao campo de fútbol de Santa Isabel.**
- Número 2020-SUPLE-02 de importe **102.019,18 euros**. Baixas por anulación do crédito que financiaban inicialmente no ano 2016 as obras de remodelación do pavillón do CEIP Apóstolo Santiago, no 2014 as obras do campo de herba sintética nas instalación deportivas de Conxo e en 2017 as obras de mellora da iluminación do campo de fútbol de Lamas de Abade. **Agora destinaranse actuacións urxentes en instalación deportivas municipais, como a substitución da rede de fontanería do Estadio Municipal de San Lázaro, o pulido e vernizado da tarima de parqué do Pavillón de Fontiñas, a mellora da iluminación dos campos de fútbol de Vilvestro e Belvís; e o subministro de desfibriladores ás instalacións deportivas municipais.**

14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao inicio dos trámites para a recepción das obras de "reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón Douro - FASE I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020. Autorízase o inicio dos trámites para a recepción das citadas obras.

15.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Acórdase que a partir do 1 de xullo do 2020 **se restableza o cobro da cota variable correspondente á tarifa de locais de negocio, vivendas colectivas, administracións públicas e asimilados**, salvo para as seguintes actividades: establecementos que se destinen a ofrecer xogos e atraccións recreativas deseñadas para público de idade igual ou inferior a 12 anos, espazos de xogo e entretemento, así como a celebración de festas infantís; locais de discoteca e lecer nocturno; servizos de atención á infancia; residencias de tempo libre; espazos xuvenís; albergues e campamentos xuvenís dependentes da Consellería de Política Social; residencias xuvenís; centros sociocomunitarios de benestar; servizos de conciliación de carácter grupal complementarios de programas de inclusión social; centros de atención diúrna para persoas maiores ou persoas con discapacidade e centros ocupacionais; e casas do maior.

16.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á validación das actuacións levadas a cabo para a cesión das instalacións concertadas co reitor do Seminario Menor e aportacións económicas comprometidas polo concello, así como recoñecemento das obrigas en concepto dos gastos. (Contrato de emerxencia covid-19, decreto 25.3.20; período 1 ao 23 de maio de 2020). Acórdase validar as actuacións levadas a cabo para a cesión das instalación concertadas co Reitor do Seminario Menor e aportacións económicas comprometidas polo Concello, así como recoñecer as obrigas polos gastos correspondentes, que suman 12.371,28 euros.

- Servizo de limpeza: Limpiezas Salgado: 2.718,87 euros
- Servizo de vixilancia: Servicios SPR Vilanova: 9.652,41 euros.

17.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación da convocatoria de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (2º ciclo) e de educación primaria obrigatoria para o curso 2020/2021. Apróbase a convocatoria de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado

dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso escolar 2020/2021 e que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

O importe destinado a esta convocatoria é de 620.000,00 €, dos cales, 245.480,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/20 e os 374.520,00 € restantes á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento xeral do 2021. Non obstante, **ditos importes poderán ser incrementados en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito.**

1. MODALIDADES DE BOLSAS E FINALIDADE

A. Bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos.

Estas bolsas están destinadas a aquelas unidades familiares e de convivencia que, por escaseza de recursos económicos, teñen dificultades ou non poden facer fronte aos gastos relacionados coa escolarización das persoas menores que teñen ao seu cargo. Poderán optar a tres tipos de bolsas:

A.1. Bolsas de comedor. Ata un máximo de 90 euros ao mes.

A.2. Bolsas para a realización de actividades extraescolares. Ata un máximo de 30 euros ao mes.

A.3. Bolsas para adquisición de material escolar. Ata un máximo de 60 euro, nun pago único.

B. Bolsas para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das unidades familiares e de convivencia. Bolsas de comedor destinadas a sufragar o custo do comedor a aquelas unidades familiares ou de convivencia que teñan dificultades para conciliar a vida persoal, familiar e laboral.

As bolsas para comedor escolar concederanse só na modalidade de fixos mensuais, é dicir, de todos os días lectivos do mes, non sendo admisibles solicitudes para comedor na modalidade de fixos discontinuos nin esporádicos.

En principio, o **período subvencionable** é de setembro de 2020 a xuño de 2021 (ambos os dous incluídos), para as becas de comedor. Para as de actividades extraescolares, é de outubro de 2020 ata xuño de 2021 (ambos os dous incluídos), e para a adquisición de material escolar, dende a publicación das bases no BOP da provincia de A Coruña, ata o período máximo de xustificación do material escolar (ver base nº 18.2).

Terán a condición de **beneficiarias** as unidades familiares e de convivencia (proxenitores solicitantes e menores beneficiarios) empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Santiago de Compostela con persoas menores ao seu cargo escolarizadas nos centros docentes públicos ou concertados do municipio sostidos con fondos públicos, que cursen educación infantil (segundo ciclo) ou educación primaria obrigatoria.

18.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Alumeado Público relativa á aprobación de convenio coa Axencia de Turismo de Galicia, gasto e inicio dos trámites para a contratación das obras de instalación de alumeado público na rúa das Estrelas. Apróbase a sinatura do convenio coa Axencia de Turismo de Galicia (Xunta de Galicia), que conta cun orzamento estimado de **68.050 euros**. A Axencia de Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo de 48.050 euros, con cargo a aplicación orzamentaria denominada “Mellora dos recursos turísticos das entidades locais” para o ano 2020. O concello aportará os outros 20.000 euros. Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa.

Este convenio establece o marco de colaboración entre as dúas partes para o proxecto de instalación de alumeado público na Rúa das Estrelas. O proxecto consiste na realización de iluminación da citada rúa, mediante a instalación de cableado subterráneo, instalando un novo centro de mando, desde o que se dará servizo a un pequeno alumeado monofásico, a fin de eliminar o seu centro de mando e reducir así o número de subministros.

A iluminación realizarase mediante luminarias LED, localizadas sobre columnas metálicas toncocónicas. Existe un paso baixo a autopista, que se ampliou recentemente e que tamén se iluminará mediante uns proxectores.

19.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta.

20.- Dación de conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local. Dáse conta.